EXPEDIENTE: ***RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE CÉSPEDE SINTÉTICO E DO SISTEMA DE REGA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SANTA ISABEL***

ASUNTO: ***INFORME DE VALORACIÓN DE OFERTAS***

Redáctase o presente informe por encargo da mesa de contratación do Concello de Santiago correspondente á licitación das obras de referencia, co obxecto de avaliar as ofertas presentadas segundo os criterios de adxudicación establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a licitación.

[redacted]

Empresa FIELDTURF POLIGRAS, SA. non presentou oferta.

**1.1. Análise da proposición económica e ampliación do período de garantía**

As ofertas foron as seguintes:

[redacted]

Á vista dos mesmos e das actas das reunións da mesa, achégase a continuación unha táboa cos datos resultantes da aplicación do procedemento de cálculo establecido no prego ao efecto de identificar as ofertas desproporcionadas. (Non existen melloras ofertadas con repercusión económica cara a detraer do importe ofertado):

[redacted]

Polo tanto resultan admitidas definitivamente todas as ofertas por non ter a consideración de anormais ou desproporcionadas por resultar inferiores ao umbral inferior (temeridade).

[redacted]

Aplicando os criterios e fórmulas establecidos no prego de condicións que rexe a licitación, resultan as seguintes puntuacións:

[redacted]

| Nº DE ORDEN | LICITADOR | VALORACIÓN OFERTA MELLORAS | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| | | MELLORA 1 | | PUNTUACIÓN TOTAL |
| | | OFERTA | PARCIAL | |
| | | | | |
| 2 | SPORT EQUIPALIA, SL. | 10,0 anos | 10,00 pts | **10,00 pts** |
| 3 | UTE FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL. & CALFENSA PROYECTOS, SL. | 10,0 anos | 10,00 pts | **10,00 pts** |
| 4 | OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, SA. | 10,0 anos | 10,00 pts | **10,00 pts** |
| 5 | UTE OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL. & MECANO SPORT, SL. | 10,0 anos | 10,00 pts | **10,00 pts** |

| | | | |
| --- | --- | --- | --- |
| *Puntuación máxima posible* | *máx 10,0 anos* | *10,00 pts* | ***10,00 pts*** |

Mellora 1 - Ampliación período de garantía sobre o mínimo establecido no prego de 5 anos

Así, a partires dos resultados obtidos en cada un dos apartados a puntuación global total é a seguinte:

[redacted]

Ata aquí, analizada a oferta económica e a ampliación do período de garantía, da aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no pregos de condicións que rexe a licitación segundo todo canto antecede, a oferta mais vantaxosa resultaría a da empresa: OPSA – OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, SA.

## 1.2. Documentación acreditativa dos cumprimento de requirimentos técnicos de proxecto

Se procede a continuación a comprobar o contido da documentación acreditativa do cumprimento dos requirimentos técnicos do proxecto, e especificamente, a relativa ós seguintes ensaios e certificacións sinalados no apartado 13.3 do *"Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, das obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel"*:

- Acreditación mediante a oportuna certificación de Organismo Oficial recoñecido, que o sistema de céspede: tecido base, fío de unión e a capa de recubrimento, así como os elementos de lastrado, son **COMPOÑENTES COMPLETAMENTE RECUPERABLES**.
- Certificado de cumprimento (**Certificate of Compliance**) de que o produto moqueta que forma parte do sistema de céspede foi ensaiado de acordo co método de proba UL 2821 para demostrar o cumprimento dos límites de emisión en UL 2818. Sección 7.1 y 7.2. e o produto cumpre coa categoría Greenguard GOLD (UL 2818 - 2013 Gold Standard for Chemical Emissions for Building Materials, Finishes and Furnishings).
- Informe de Laboratorio FIFA (FIFA Laboratory Test Report) segundo o último FIFA Quality Programme for Football Turf Manual 2015 que acredite que o sistema de céspede artificial satisface os requirimentos para as categorías **FIFA QUALITY y FIFA QUALITY PRO**.
- Informe de Laboratorio (Laboratory Performance Report) de acordo coa norma EN 15330-1 (Fútbol) que acredite que o sistema de céspede artificial satisface os requirimentos para a categoría FÚTBOL segundo a **norma EN 15330-1 Superficies de Céspede Artificial para Fútbol**.
- Informe de Laboratorio (Laboratory Performance Report) de acordo coa norma NF P90 – 112 (2008) que acredite que o sistema de céspede artificial satisface os requirimentos para a categoría FÚTBOL/RUGBY segundo a **norma NF P90 – 112 (2008) en contido toxicolóxico** segundo a norma DIN 18035-7.
- A efectos de valoración, será necesaria a achega dunha **mostra de fibra debidamente identificada do céspede artificial proposto, céspede, base elástica e gránulos de recheo**, tamaño mínimo DIN A4, así como a ficha técnica do sistema de céspede artificial proposto (segundo memoria de proxecto).

Finalmente, sinalar que o prego establece que corresponderá á empresa adxudicataria, unha vez finalizada a substitución do sistema de céspede, acreditar a instalación para a superación de parámetros para o criterio de calidade FIFA QUALITY PRO, segundo o procedemento 2015 ou posterior.

[redacted]

[redacted]

Do anterior se conclúe que as seguintes empresas licitadoras NON INCORPORAN a totalidade da documentación acreditativa do cumprimento dos requirimentos técnicos do proxecto, e especificamente, a relativa ós ensaios e certificacións sinalados no apartado 13.3 do *"Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, das obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel"*:

- OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, SA.
- UTE OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL. & MECANO SPORT, SL.

## 1.3. Conclusión

A vista do anterior, sometese o presente informe a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere, en función do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do procedemento de licitación.

Santiago de Compostela, a 19 de abril de 2018

O Arquitecto Municipal. Xefe do Servizo de Proxectos e Obras

Asdo.: Antonio Ranedo Santillana